

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 22 de outubro de 2021, ás 12:00 horas no Salón de Plenos da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións anteriores, ordinaria número 19/2021 de 8 de outubro e extraordinaria e urxente número 20/2021, de 13 de outubro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/37489, de 23/09/21, pola que se dispón a comparecencia no recurso de apelación interposto no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre alleamento de parcelas no Polígono de Sabón.

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/37765, de 24/09/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 207/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre expropiación.

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/37918, de 29/09/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 263/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 dos de Santiago de Compostela, sobre sanción de tráfico.

5. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/40420, de 15/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 323/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra, sobre sanción de tráfico.

6. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/40418, de 15/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso DPA 30/2021, do Xulgado de Instrución nº3 dos da Coruña, sobre danos na estrada DP-0510, Km. 3.2. Culleredo.

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/38193 de 30/09/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 203/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre responsabilidade patrimonial.

8. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/38976, de 04/10/21, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 4 dos da Coruña, de 21/09/21, recaída no recurso PO 255/2019, sobre responsabilidade patrimonial.

9. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 39076/2021, de 05/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal 323/21, do Xulgado do Mercantil nº 1 dos da Coruña.

10. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 39077/2021, de 05/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal 514/20, do Xulgado de Primeira Instancia nº 4 dos de Ourense.

11. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 39674/2021, de 11/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal 1537/20, do Xulgado do Mercantil nº 14 dos de Madrid.

12. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/38628, de 01/10/21, pola que se dispón o acatamento e cumprimento do auto do Xulgado de Instrución nº3 de Ferrol, de 23/09/21, recaído no recurso LEV 651/2020, sobre denuncia formulada por furto.

13. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/39675, de 11/10/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento do decreto do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela, de 04/10/2021, recaído no recurso PO 534/2019, sobre reclamación de cantidade e recoñecemento de dereitos.

14. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/40354, de 14/10/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento do decreto do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 dos da Coruña, de 04/10/2021, recaído no recurso PO 198/2021, sobre contratación.

15. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 2021/40419, de 15/10/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento do decreto do Xulgado do Social nº5 de A Coruña, de 13/10/2021, recaído no recurso PO 137/2021, sobre reclamación de pago de prestación de seguro colectivo.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

16. Aprobación dun informe sobre o proxecto de LMTS de dupla alimentación derivada dos CT Lourido e CT Enfesto no Concello de Muxía.

17. Aprobación dun informe sobre delimitación de solo de núcleo rural de Agudeiro, As Travesas, A Mariñadona e A Fonte. Monfero.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

18. Aprobación da modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 para incluír novas convocatorias a tramitar en 2021 polo servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

19. Aprobación da corrección de erro material nas bases de provisión de postos de traballo mediante o sistema de concurso xeral.

ROGOS E PREGUNTAS